



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo  2027

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Dña. **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistrado co número 13 no Rexistro Oficial de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia creado por Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

EXPOÑEN

Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de Xustiza, lle corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Segundo. O Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza (asumidas a través do Decreto 438/1996, do





20 de decembro), e o Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro, sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de Xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas, a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do/a psicólogo/a, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas, para o que promoverá a formación e perfeccionamento destas e cooperará na mellora dos estudos da licenciatura en psicoloxía. Tamén son funcións propias do Colexio o fomento da promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.

Cuarto. As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

A posibilidade da sinatura do presente convenio, está amparada pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle que a Comunidade Autónoma poderá encomendar aos colexios profesionais, a través do correspondente Convenio, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da súa propia competencia, podendo celebrar convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente Convenio de colaboración en base ás seguintes





CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto, beneficiario e condicións do Convenio.*

O obxecto deste Convenio é a colaboración na realización, por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia.

Os/as psicólogos/as que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre os colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

1º.- O desempeño de actividades de similares características

2º.- A formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica

A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais procederá con arranxo ás seguintes normas:

I. Solicitude.

Os/as psicólogos/as exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, que derivarán a petición directamente ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e de acordo coas instrucións concretas que estes indique para cada caso. En todo caso, actuarán no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.

II. Selección de psicólogos/as.

Para a selección dos/das psicólogos/as que vaian realizar os informes periciais, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborará unha lista específica, distinta á establecida para as Oficinas de Atención ás Vítimas.

Os/as psicólogos/as que concorran ao proceso de selección organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º.- Ser psicólogo/a colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.

2º.- Non estar cumprindo unha sanción da Comisión Deontolóxica.

3º.- A presentación dunha declaración responsable de non ter incompatibilidades profesionais. A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais prevista no presente Convenio é incompatible con exercer funcións de psicólogo/a adscrito á Administración de Xustiza como psicólogo/a forense ou nas





Oficinas de Atención a Víctimas dependentes da citada Administración.

4º.- Ter acreditadas un mínimo de 300 horas de formación, das cales 200 horas deberán ser da área da psicoloxía xurídica e forense, xustificadas documentalmente e que procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación na área etc.

5º.- Realizar un mínimo de catro (4) informes periciais acreditados documentalmente, debendo ser como mínimo dous deles do ámbito civil.

6º.- A presentación dunha declaración responsable de estar dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos.

7º.- Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.

III. *Listaxes.*

Unha vez que o/a psicólogo/a entre a formar parte da lista de reforzos para a emisión de informes periciais psicolóxicos asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da lista, así como do compromiso de actuación.

Excepcionalmente, poderase renunciar á realización do informe pericial por causas de forza maior debidamente acreditadas.

IV. *Realización do informe pericial psicológico.*

Unha vez asignado o profesional para a elaboración do informe psicológico, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia contactará por correo electrónico con el, outorgándolle un prazo máximo de 4 días hábiles para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante a persoa funcionaria correspondente. A aceptación do encargo levará implícita a aceptación de todas aquelas actuacións que o órgano ou oficina xudicial requira en relación co informe psicológico a realizar. A través do órgano xudicial, o/a psicólogo/a realizará a primeira citación do suxeito obxecto de avaliación, co fin de que quede constancia oficial da citación.

Todas as actuacións necesarias para a elaboración do informe serán realizadas nos despachados habilitados para iso por parte da Dirección Xeral de Xustiza, que estará situado na provincia onde sexa solicitado o informe pericial, e con medios propios, salvo aquelas que teñan que ser realizadas en sede xudicial ou nos locais que o órgano xudicial designe.

O prazo máximo para a entrega do informe ao órgano xudicial que o solicitou será de 45 días naturais desde a primeira entrevista pericial, salvo casos xustificados debidamente acreditados.





Unha vez realizado o informe pericial, o/a psicólogo/a presentaráo ao órgano xudicial petionario e remitirá copia ao Instituto de Medicina Legal de Galicia.

V. *Lugar de desenvolvemento da actividade profesional.*

Corresponderalle á Dirección Xeral de Xustiza a procura de espazos adecuados para a realización do traballo por parte dos peritos, nas dependencias das delegacións da Xunta ou en espazos dispoñibles dos edificios xudiciais.

VI. *Formación.*

A Dirección Xeral de Xustiza comprométese a darlles formación aos peritos. O equipo de formadores estará composto por dous maxistrados/as pertencentes aos xulgados de familia e un/ha psicólogo/, a determinar polo Colexio ou, na súa falla, pola Dirección Xeral de Xustiza.

Segunda. Compromisos.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente Convenio, incluíndo:

- A tramitación da petición dos xulgados e tribunais para a emisión dos informes periciais.
- A selección dos/das psicólogos/as que vaian realizar os informes periciais, mediante a elaboración dunha lista específica.
- A comunicación ao profesional asignado para a elaboración do informe pericial, mediante correo electrónico, outorgándolle un prazo de 4 días hábiles para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante a persoa funcionaria correspondente.

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogo/as obxecto deste Convenio non conlevará o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a abonar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a compensación económica por un máximo de sesenta mil euros (60.000,00 €), concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente Convenio. Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a facilitarlles





formación específica e espazos de traballo para a realización dos informes por parte dos psicólogos/as en cada unha das subdireccións do IMELGA.

A anterior compensación incluírá, por unha parte o abono da cantidade máxima de mil cincocentos euros (1.500,00€) pola organización da actividade realizada, e por outra banda o resultado de aplicar a cada informe o importe máximo de seiscentos trinta e tres euros e corenta e cinco céntimos (633,45 €), o cal incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial:

- Elaboración, redacción, emisión e entrega do informe.
- Desprazamentos.
- Aclaracións, ratificacións, asistencia e, en xeral, calquera actuación ante o órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.

Terceira. Créditos orzamentarios e contías derivados do Convenio.

O presente Convenio será financiado co orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cargo a aplicación orzamentaria 05.03.131A.227.02. A compensación prevista no presente Convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade psicolóxica ata un importe máximo de sesenta mil euros (60.000,00 €), que será aboada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia do seguinte xeito:

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os informes periciais efectuados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de seiscentos trinta e tres euros e corenta e cinco céntimos (633,45 €) por cada informe tendo en conta a actualización do IPC, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial.

Se con posterioridade á encomenda xudicial dunha pericia, o órgano xudicial a deixase sen efecto e sempre que se acredite a súa iniciación, compensarase ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata un máximo dun 30% do importe do informe, en virtude do grado de execución.

- Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pola organización da actividade realizada cunha cantidade de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do Convenio.





Cuarta. Prazos e forma de abono e de xustificación.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste Convenio.
- Certificación expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Certificación asinada electronicamente polo/a Letrado/a da Administración de Xustiza do órgano xudicial competente ou do/a Fiscal, no seu caso, conforme se entregou o informe pericial solicitado polo órgano xudicial, de acordo co modelo do Anexo I do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre a data de sinatura do convenio e o 15 de decembro de 2026, debendo presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite do 20 de decembro de 2026. Poderán realizarse pagamentos á conta, correspondentes aos pagamentos realizados e debidamente xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

Quinta. Confidencialidade da información e dos resultados.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e mais os/as psicólogos/as que realicen as periciais comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométese a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á





intimidade das persoas.

As partes asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste documento, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Sexta. *Publicidade do Convenio.*

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Sétima. *Efectos, modificación e extinción do Convenio.*

O presente Convenio fornecerá efectos desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, salvo que calquera das partes asinantes proceda á súa denuncia expresa cunha antelación mínima de 30 días naturais á data en que se pretenda a súa expiración.

Este Convenio poderase modificar por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa.

Así mesmo, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.
- d) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do Convenio.





f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

A resolución do Convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, que se deberán realizar no prazo improrrogable fixado pola Comisión de Seguimento do Convenio.

Oitava. *Comisión de Seguimento.*

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará integrada por 4 membros, designados por cada parte firmante:

- Dúas persoas por parte da Administración de Xustiza da Xunta de Galicia:
 - A persoa que ostente a dirección da Dirección xeral de Xustiza, que ostentará a presidencia e terá voto dirimente.
 - A persoa que ocupe o posto da subdirección xeral de medios da Administración de Xustiza, que actuará como secretaria.
- Dúas persoas por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Reunirase como mínimo unha vez ao ano e facultativamente cando se considere necesario, a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

Novena. *Natureza xurídica e resolución de controversias.*

O presente Convenio ten natureza xurídico-administrativa, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6.

Resulta de aplicación o disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. Se non resultase posible alcanzar devandito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo  2027

De conformidade con canto antecede, e en exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente, no lugar e data anteriormente indicados.

Pola Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes

Polo Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Diego Calvo Pouso

M^a Rosa Álvarez Prada





ANEXO I. CERTIFICACIÓN DA PERICIA XUDICIAL

DATOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REALIZOU O INFORME	
DNI OU NÚM. DE PASAPORTE	
ÓRGANO SOLICITANTE DO INFORME	
Nº E ANO DO PROCEDEMENTO	
DATA DE SOLICITUDE	
DATA DE ENTREGA	

A persoa asinante,

CERTIFICA:

Que o servizo se atopa incluído dentro do obxecto Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais psicolóxicos, por tratarse da realización dun ditame pericial de psicoloxía.

Observacións:

